

EN BOAS MANS

[Jeanne Herry, 2018]

524

ESTREA EN NUMAX: 10 de maio | V.O.S.E. | +12

Pupille (2018, 107')

Dirección: Jeanne Herry

Guión: Jeanne Herry

Elenco: Sandrine Kiberlain, Gilles Lellouche, Elodie Bouchez, Olivia Côte, Clotilde Mollet, Jean-François Stévenin, Bruno Podalydès, Miou-Miou

Son: Olivier Ranquet

Montaxe: Stéphane Garnier, François Vesin

Dirección de arte: François Willenz, Mathieu Jurgenson

Vestiario: Marine Demoury, Anna Lalay

Música: Pascal Sangla

Fotografía: Sofian El Fani

Produtoras: Les Productions du Trésor, Chi-Fou-Mi Productions, Studiocanal, France 3 Cinéma, Artemis Productions, VOO, BE TV, Ciné+, France Télévisions, Shelter Prod, Taxshelter. be, Région Ile-de-France (Francia, Bélxica)

Distribuidora: Caramel

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

César 2018 (7 nominacións, incluíndo mellor filme e dirección)

FILMOGRAFÍA

Elle l'adore, 2014

Marcher [curtametraxe], 2009

SINOPSE

Theo acaba de nacer. Despois de dar a luz, a súa nai biolóxica entrégao a un programa de adopción. Os servizos de adopción deben encontrar entón á que se converterá na súa nai adoptiva. No outro extremo, Alice, de 41 anos, leva case dez anos loitando por ser nai. Un grupo de profesionais traballará para que Theo e Alice poidan reunirse.

«Un logro cinematográfico informativo e conmovedor, grazas ao guión ben estruturado e documentado e ás impecábeis actuación.»

Fabien Lemercier, CINEUROPA.



“O meu desexo era traballar unha relación moi pura”

Entrevista con Jeanne Herry

Por José María Aresté

Por que un filme sobre a adopción dun bebé? A idea nace dunha amiga que adoptou. Ela non me contou moito e intrigoume. Empecei a preguntarlle de onde saíra ese bebé. Quería entender todo o que pasara. Era un bebé francés. E pedínlle que me contase todo, desde que o neno nacera ata que chegara aos seus brazos. Descubrínton que en Francia unha muller pode dar a luz anonimamente. Máis que a adopción, chamóume a atención este feito, que me parecía moi novelesco. Podía dar lugar a unha estupenda ficción, con escenas moi poderosas. E personaxes fortes. Vin que unha situación así me permitía facer cinema. Tamén me pareceu moi atractivo o recurso dun adulto falando a un bebé.

Vostede ten dous fillos. Que opina da idea de falarlles desde case antes de nacer, con ideas como as que propón o filme, onde a nai biolóxica debe despedirse do seu bebé e dicirlle que o quere? Eu ignoraba todo isto, aínda que miña nai ao parecer si que nos falaba sendo bebés. Non son unha profesional da cuestión, pero actualmente os especialistas aseguran

que os nenos entenden e senten moito desde o principio. E tamén son capaces de expresar moitas cousas a través dunha linguaxe non verbal. Ademais da tenrura, ou de sostelos en brazos, aos bebés pódeseles dar máis a través das palabras. Serven para comunicarse con eles, e dalgún modo entenden a verbalización da fragilidade. Por suposto que non entenden as palabras nin o seu significado, pero si poden captar algo da intención que encerran, distinguen entre a solemnidade, a firmeza ou a emoción con que se empregan. As persoas que traballan con nenos están convencidos de que isto é así, e desde logo, de cara o filme deixei-me convencer moi facilmente diso para poder utilizalo.

Tanto a nai biolóxica como a nai que adopta, no momento en que todo ocorre están soas; o pai nin se decatou, a criatura foi concibida nunha relación esporádica; e a outra, aínda que estaba casada cando empezou os trámites de adopción, cando chega o momento de ser nai, está soa, divorciada. Entre medias, hai un home, o pai de acollida, que se ocupa do bebé nese tempo. Hai algunha razón para este conxunto de circunstancias, este subliñado da soidade? Non se trata de ningún tipo de declaración militante. Teño moi boa relación co meu pai, e dou grazas de que estivera tan presente na miña vida. Pero como autora, o meu desexo era traballar unha relación moi pura. Era a miña decisión como creadora do filme. Quería amosar unha muller soa, cando dá a luz, que é unha situación moi corrente, e cando se entrega ao bebé en adopción ao

Estado. Había unha pureza moi fermosa na ecuación. Quería traballar sobre a muller. É verdade que neste filme hai moitas mulleres, aínda que enseguida souben, como escritora, que na etapa de acollida do bebé se ía ocupar un home. Era unha idea que me interesaba desenvolver.

É un filme de lenzo amplo, con moitos personaxes que convidaban a un desenvolvemento maior, hai que conformarse con algunhas pinceladas en certos casos. Tivo que descartar escenas ou quedou con ganas de dar máis espazo a algún? Descartei moi pouco no que é un elenco coral. Non é unha serie, non tiña todo o espazo que queredes para desenvolver os personaxes. Tiven sobre todo catro principais, que se moven ao redor do bebé máis preto. E había cousas que non era necesario amosar.

Publicado en decine21.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax